

PLAN DE PENSIONES: DATOS 2013 E RETOS 2014

A **rendibilidade** acadada ao fin do cuarto trimestre de 2013 foi do **7,37%**, co que a rendibilidade acumulada anualizada dende o inicio do Plan xa superou o 3,31%. O Plan está a conseguir o seu obxectivo principal, que é o de manter o patrimonio, vencendo á inflación, e ademais obtendo unha rendibilidade adicional.

Rendibilidades PPE BBVA	
A 10 anos	4.05%
A 5 anos	6,79%
A 3 anos	6,22%
2013 Acumulado a 31 Decembro	7,37%
2014 Acumulado a 28 Febreiro	1,33%

Podemos estar satisfeitos co comportamento do Fondo, tendo en conta o perfil de risco que ten o noso Plan. Para este 2014, aínda que as expectativas son moderadamente positivas, poden seguir aparecendo comportamentos irregulares como os acontecidos durante as primeiras semanas do ano, que produzan un incremento da volatilidade, é dicir un maior risco. Pedimos á Xestora que sexa especialmente coidadosa cos sistemas de control de xestión e riscos para a protección das rendibilidades obtidas.

O NOSO PLAN DE TRABAJO PARA O ANO 2014

- Seguir controlando a marcha do fondo, a través das reunións mensuais de investimentos coa Entidade Xestora.
- Actualización e sistematización do Regulamento do Plan de Pensiones, incorporando ás Especificacións os Acordos Colectivos asinados con posterioridade a xuño do 2004, e engadir algunhas melloras, como os supostos excepcionais de liquidez por longa enfermidade, flexibilización dos prazos de anticipo de rendas nos casos de invalidez, ou a achega completa nos casos de redución de xornada ou primeiro ano de excedencia por coidado de fillos ou familiares.
- Conseguir exercer os Dereitos Políticos das accións da carteira do Fondo. Este é un dos Principios de Investimento Responsable de Nacións Unidas, dos que o noso Plan foi o primeiro asinante no noso país. Afortunadamente, non todos as empresas promotoras de plans son tan intransixentes como o BBVA, dado que en moitos fondos, os Dereitos Políticos se exercen con absoluta normalidade.

Na Xunta Xeral de Accionistas de BBVA do día 14, varios miles de votos provenientes de Fondos de Pensiones de Emprego votaron en contra das propostas do Consello de Administración, en especial naquelas relativas ás escandalosas retribucións variables e entrega de accións aos Altos Directivos, ou o nomeamento de Conselleiros Independentes que superaron amplamente os mandatos recomendados polo "Código Unificado de Bo Goberno".

- Manter unha estreita relación con BBVA Seguros, para que se poidan ofrecer aos

